

ACTA Nº7 DA COMISIÓN DE AVALIACIÓN PARA A PROVISIÓN DE VARIOS POSTOS DE TRABALLO DE XEFE DE GRUPO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

Expte nº 2025/G004/000558.

Sendo as 11:05 horas do día 13 de xullo de 2026, reúnense en Actas e Goberno, os membros designados/as por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 10/09/2025 (acordo á súa vez modificado en Xunta de Goberno Local en sesión de data 01/10/2025) para formar parte da Comisión de Valoración dos méritos e memoria presentados polos concursantes con referencia á data de peche de presentación de instancias (07/11/2025) para a constitución de dita comisión e informe relativo a recurso de Alzada interposto por Dona Elena Rodríguez García.

Preside o acto a presidenta titular dona Patricia Berta Vázquez Mille, xefa do Servizo de Arquitectura do Concello de Lugo.

Actúan como vogais titulares dona María Concepción Castro-Gil Iglesias xefa de Servizo de Fiscalización Previa e don Carlos Bargeiras Vázquez, xefe de negociado (delineante) da adxuntía de Proxectos do Concello de Lugo. Actúa como secretaria titular dona Ana María Rivas García, órgano de apoio á Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo.

En primeiro lugar procédese a comprobar o quórum de asistencia pola presidenta da Comisión de Avaliación declarándose constituída a ésta por estar presentes catro dos seus membros titulares entre eles presidente/a e secretaria/o.

Éntrase a valorar aqueles aspectos relativos ao fondo do asunto dos que esta Comisión de Avaliación pode informar.

En primeiro lugar esta comisión ratifícase na avaliación tanto das memorias como dos restantes méritos avaliábles. En ningún caso baixo criterios de arbitrariedade, parcialidade ou falta de obxectividade senón nos máis rigorosos criterios técnicos que garanten a selección baixo os principios de igualdade, mérito e capacidade.

Non procede a recusación dos membros desta comisión neste momento do proceso de selección pois o momento procedimental oportuno é o da publicación da designación dos membros, non unha vez esta ten feito as

a

Refª: ispac5790132740596539312.doc

Asunto: COMISIÓN DE AVALIACIÓN CONCURSO XEFES DE GRUPO

súas labores con un resultado que non se acomoda aos pretensiones da recurrente.

Non pode aspirar a recurrente a substituír co seu criterio ó da Comisión que é a chamada a realizar as tarefas de avaliación.

En relación ao acceso ao expediente xa se manifestou esta Comisión en sesións anteriores tal e como consta nas correspondentes actas debidamente publicadas, ademáis de que dito acceso, á vista do recurso interposto, resultou fructífero e acomodado ás pretensións da recurrente.

Conforme ao artigo 117 da Lei 39/2015, a interposición de calquera recurso non suspenderá a execución do acto impugnado agás que o acordara o órgano competente por algunha das circunstancias previstas no mesmo artigo. Non procede a súa aplicación dado que nin se produce prexuízo de imposible ou difícil reparación (a alegante non é a segunda aspirante na baremación definitiva no posto de xefa de grupo de administración local) nin concorre causa de nulidade, pois a mera invocación desta pola recurrente e peticionaria da suspensión do acto non enerva a executoriedade do mesmo.

A Comisión de Avaliación do Concurso, ACORDA por unanimidade:

PRIMEIRO.- Propoñer ao órgano competente a desestimación do recurso de alzada polos motivos indicados na parte expositiva desta acta.

SEGUNDO.- Lembrar ao órgano convocante que a proposta definitiva xa foi elevada por esta comisión para a súa tramitación en acta nº 4 de 2 de xuño de 2026 sen que se teña constancia de que se continuara coa tramitación do expediente.

E para que conste asinan a presente os membros da Comisión de Avaliación enriba citados, dando por finalizado o acto ás 12:00 horas de todo o que como secretaria da Comisión dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE